EXAMES ANTES DAS VACACIÓNS

Os distintos equipos do Numancia afrontan unha nova xornada antes do parón de Semana Santa. Todos buscarán a vitoria para descansar con calma no periodo estival. Analizamos o que nos agarda na fin de semana:

MODESTOS: Visitan na 28ª xornada o campo de Os Calzados en A Capela. Partido clave ante o terceiro clasificado; unha terceira posición que busca o Numancia cando

restan catro xornadas de Liga. Unha vitoria este domingo facilitaría moitas cousas. Partido clave o domingo as 17:00 no campo de Os Calzados de A Capela. ¡¡¡Que non falte a Marea Vermella¡¡¡

XUVENÍS: Na 29ª xornada de Liga visitan ó Ánimas, un equipo que como o Numancia atopase situado na zona media da clasificación. Partido igualado o que nos agarda o próximo venres as 18:45 no campo de herba artificial de A Gándara en Ferrol.

CADETES: Reciben na 17ª xornada de Liga en Prados Vellos a un equipo que loita por xogar a fase de ascenso, o Cedeira. Boa pedra de toque e gran ocasión para que os numantinos recuperen o seu mellor nivel de cara a última fase da temporada. A cita cos cadetes será o sábado as 17:00 en Prados Vellos. ¡¡¡Pasaremos lista¡¡¡

INFANTÍS: Visitan na 17ª xornada de Liga o Racing San Pedro. Os infantís do Numancia

buscarán a vitoria ante un rival de nivel parello. Os numantinos intentarán que o fútbol triunfe por enriba de todo. A cita cos infantís terá lugar o sábado as 11:30 no campo de herba artificial de A Gándara. ¡¡¡Non faltedes¡¡

FÚTBOL - 8 e BIBERÓNS: Bonita xornada de fútbol - 8 a do venres en Prados Vellos. As 18:00 os prebenxamíns reciben o Racing "B" nun precioso duelo entre dous xóvenes equipos que veñen pisando moi forte. As 18:30 no campo anexo os biberóns reciben o Perlío nun novo partido da Liga AFACO. Por último as 19:00 interesante partido de benxamíns entre Numancia e Racing "D". ¡¡¡O venres tedes tod@s unha cita cos nenos en Prados Vellos¡¡¡ Non podedes fallar.

Para o sábado queda a viaxe dos alevíns a Ortigueira. Xogarán no campo de San Claudio as 11:30 ante o equipo local.

En resumo, bonita fin de semana cos nenos abrindo boca e cos modestos pechando o mesmo nun partido importante. Última semana para disfrutar do fútbol antes das vacacións (onde haberá algún Torneo).

¡¡¡Vémonos este fin de semaa na Capela, na Gándara ou en Prados Vellos.

O Numancia somos tod@s.

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡